

Era normal o hacinamento das familias obreiras en **habitacións** miserables, tristes e insalubres, "onde o pobre vive, crece, se deteriora e morre case sen aire que respirar, sen luz, xeado de frío unhas veces, abrasado de calor outras, confundido cos animais domésticos, aspirando os gases dos retretes ou das inmundicias, misturados os sexos e as idades, sobre un chan húmido, coas paredes ennegrecidas e suxas, sen outros mobles que algún trasto vello e inútil, sen máis abrigo ca uns cantos farrapos.



O **interés das clases dirixentes** pola alimentación e a mortalidade obreira aparece na medida en que poden verse afectados polos focos infecciosos que se xestan nos barrios obreiros, co conseguinte perigo de enfermidades e epidemias.

O que é un perigo para a burguesía é a culminación da miseria do proletariado. Ésta é consecuencia de xornadas de dez, doce ou máis horas de traballo, insuficiencia, adulteración e baixa calidade dos seus produtos alimenticios, deficientes condicións na súa vivenda, entre outros males.

O cólera, o tífus, a viruela e outras devastadoras enfermidades expándense nos barrios obreiros d S XIX, escribe Engels: "desenvólvense cando as circunstancias son favorables e provocan epidemias, que se propagan entón máis alá dos seus focos ata alcanzar os barrios máis aireados e sans, os habitados polos señores capitalistas. Estes non poden permitirse impunemente favorecer o desenvolvemento entre a clase obreira dunhas epidemias das que eles mesmos sufrirían as consecuencias; o ánxo exterminador golpéalles a eles coa mesma dureza que aos traballadores."

(Elaborado a partires de  
 "La Cuestion Urbana En Los Informes De La Comisión de Reformas Sociales (Antonio Buj Buj); GeoCrítica-Univ. de Barcelona  
<http://www.ub.es/geocrit/sv-32.htm>)

No meu oficio, o termo medio do salario dun oficial de encadernadores é de 10 reais; e o **gasto diario dunha familia, supoñéndoa de tres individuos**, e coído que non esaxero, é o seguinte:

	<b>Céntimos</b>
<b>Casa</b>	<b>0,50</b>
<b>Pan, 2 Kg, a 36 céntimos</b>	<b>0,72</b>
<b>Carbón</b>	<b>0,23</b>
<b>Almorzo, composto de café e leite</b>	<b>0,36</b>
<b>Xantar</b>	
<b>Garbanzos, 125 gramos</b>	<b>0,12</b>
<b>Carne, 250 gramos</b>	<b>0,15</b>
<b>Tocino, 72 gramos</b>	<b>0,08</b>
<b>Verdura, medio Kilo</b>	<b>0,50</b>
<b>Cea</b>	
<b>Carne, 250 gramos</b>	<b>0,50</b>
<b>Patatas, tres cuartos de Kilo</b>	<b>0,12</b>
<b>Aceite, 125 gramos</b>	<b>0,24</b>
<b>Luz, aceite mineral</b>	<b>0,10</b>
<b>Varios</b>	
<b>Jabón y varios</b>	<b>0,25</b>
<b>Tabaco</b>	<b>0,10</b>
<b>Total diario</b>	<b>3,96 pesetas</b>

Os días laborables do ano, descontados os 67 festivos, són 298, que a razón de 2,5 pesetas de xornal, termo medio, no meu oficio, dan un resultado de **745 pesetas de xornal ó ano.**

Resume: vivindo coa economía posible para non morrer de fame, **unha familia proletaria gasta ó ano 1.449,05 pesetas** e gaña o xefe da familia 745, supoñendo que traballe todos os días laborables do ano

**Déficit do ano :704,05**



E téñase en conta que **non puxen gastos para enfermidades e para vestir**, porque xa dixeran que andamos sempre medio espidos e non necesitamos roupa. De xeito que queda demostrado que o salario é insuficiente de todo punto, e este argumento pode servir de base para contestar á pregunta 173, que trata do aforro. **A quen lle falta cartos para vivir, ¿como lle é posible ter aforros?. Non hai aforro posible na clase traballadora.**

Fonte: Informes da Comisión de Refomas Sociais ( 1884 )



“Era unha cidade de ladrillos vermellos, ou máis ben de ladrillos que foran vermellos, si o fume e as cinzas o permitiran; pero tal como estaba, era unha cidade dun vermello e dun negro pouco natural, como o pintado rostro dun salvaxe. Era unha cidade de máquinas e de altas chimeneas, de onde saían sen descanso interminables serpes de fumareda, que se deslizaban pola atmósfera sen desenroscarse nunca de todo. Tiñan un canal escuro e un arroio que levaba unha auga enturbiada por un zume fétido, e existían grandes bloques de edificios, cheos de ventás, e no interior resoaban

todo o santo día un continuo traqueteo, mentras o pistón das máquinas de vapor subía e baixaba monotonamente, como a cabeza dun elefante entolecido de melancolía. Contaba a cidade de varias rúas grandes, que se parecían entre sí, e de infinitas corredoiras aínda máis parecidas unhas a outras, habitadas por xentes que se parecían igualmente, que entraban e saían áss mesmas horas, que pisaban de igual modo, que iban a facer o mesmo traballo, e para quen cada día era idéntico ó anterior e ó de despois, e cada ano a repetición do anterior e do que lle ía seguir.

Cando se lle esixiu ós fabricantes de Coketown que enviaran ós nenos que traballan á escola, arruináronse; cando se nomearon a inspeutores que inspeccionaran os seus talleres, arruináronse; cando estes inspectores amosaron dúbidas acerca do dereito que poideran ter eses fabricantes a cortar en talladas ós obreiros coas súas máquinas, arruináronse; e cando se insinuou a opión de que acaso non fora indispensable que non produciran tanto fume, arruináronse total e definitivamente.

(...) Alí estaba, pois, Coketown, antre a neblina lonxana, crescendo e multiplicándose”

### **Charles Dickens. Tempos difíciles (1.854 )**

“Non teño máis roupa ca do meu traballo: algúns pantalóns e unha chaqueta rota... Arrastro as vagonetas baixo terra ao longo de media legua, ida e volta. Arrástroas durante once horas diarias coa axuda dunha cadea atada á miña cintura.

As feridas que teño na cabeza fíxenas descargando vagonetas. Os homes do equipo ó que estou atado traballan espidos, salvo o casco na cabeza.

Algunhas veces cando non son rápido, péganme.”

### **Manifestacións dun neno traballador de doce anos.**

Extraído de LAZO, A. **Revolucións do mundo moderno.**